

Espacialina

PRESENTACIÓN:

Boas nos somos Natalia Carreira Lages e Paula Suárez Rodríguez, somos do curso 6ºB e pertencemos no colexio CEIP Reboreda.

RESUMO:



O noso proxecto imos presentalo en forma de mural. Dividiremos o papel continuo en 2 metades. Nun lado centrarémonos na creación e no outro na Investigación.

Completaremos a parte da investigación facendo un foguete de máis ou menos dous metros de alto e un metro de ancho. Ímoslle poñer botóns para explicar todo: como funciona un foguete, que precisa para funcionar, como despega, etc...

Ademais gustaríanos aproveitar para facer uns experimentos sinxelos que nos servan para exemplificar e explicar diferentes elementos que inflúen na aventura espacial:

- **Un ovo metálico:** ao queimar un ovo e despois metelo en auga ten unha capa que o cubre, e que nos servirá para explicar as diferentes capas da terra.
- Unha **candea que se apaga** pola falta de osíxeno e que nos da pé para explicar a relación entre osíxeno e espazo.
- **Tubo da gravidade:** imos cortar unha botella, colocaremos un funil e dentro do mesmo unha bola. Cun secador do pelo poremos a bola a voar.